



PROGRAMA DE TURISMO DO IMSERSO

Tempada 2018/2019 do programa de turismo do Imsero, poderán acceder ao programa:

- a. Pensionistas de **xubilación** do sistema público español de pensións.
- b. Pensionistas de **viuvez** con 55 ou máis anos cumpridos.
- c. Pensionistas por outros conceptos ou perceptores de prestacións ou subsidios de desemprego, en tódolos casos con 60 anos cumpridos.

Poderán ir acompañados polo ou pola cónxuxe ou, no seu caso, pola parella de feito ou persoa coa que se constitúe unha unión estable e de convivencia.

O prazo de presentación de solicitudes do programa de turismo do Imsero para a tempada 2018/19 será **dende o día 16 de maio de 2018 ata o 26 de febreiro de 2019** distribuídos nas seguintes fases:

- Primeira: a partir do **16 de maio ao 14 de xuño**, recibirán acreditacións para os primeiros días de comercialización do programa.
- Segunda: a partir do **15 de xuño de 2018 ata o 26 de febreiro de 2019**, para recibir acreditacións posteriormente.

Poderán formalizar a súa solicitude no **Departamento de Servizos Socias do Concello de Ponteceso** 981 714 000 de 09:00 a 14:00 horas

